



Semana Santa Ferrol 2024

Máis info:



FERROL

FESTA DECLARADA DE INTERESE TURÍSTICO INTERNACIONAL

ESPECIAL SEMANA SANTA

'Fillas de Casandra', prato forte da Pascua de Padrón

O programa tamén inclúe unha longa lista de propostas dirixidas a público de todas as idades

REDACCIÓN [SANTIAGO]

O Concello de Padrón presenta unha oferta musical atractiva e diversa para as Festas de Pascua 2024, dentro dun programa cheo de propostas nas que se lles dá cabida ás voces femininas e nas que se mestura o eido relixioso, cultural e deportivo. O concerto de Fillas de Casandra o domingo 31 é un dos pratos fortes das festas, que atraerán ata Padrón milleiros de persoas.

Neste 2024, a axenda distínguese pola súa decidida aposta polas voces femininas e a riqueza da música galega, reflectindo así o compromiso do goberno local coa diversidade e coa promoción de talento do noso país. Fillas de Casandra é un grupo que bebe do legado das cantareiras e pandeireteiras e que reivindica o feminismo e a necesidade de dar visibilidade ao talento artístico da muller.

As súas integrantes, Sara e María, encarnan a esencia da música

galega contemporánea coa súa fusión de tradición e modernidade. O seu traballo non só conta co apoio do público senón tamén co da industria, como reflicten as súas catro nominacións para os premios MIN (Música Independente), os mesmos aos que opta, por exemplo, Tanxugueiras. Fillas de Casandra figura nas candidaturas de Republic Network a mellor videoclip, premio Johnnie Walker a mellor artista emerxente, mellor álbum de música de raíz e mellor álbum en galego.

O PROGRAMA INCLÚE PROPOSTAS MUSICAIS COMO CELTAS CORTOS, PASARRÚAS OU SESIÓNS DE DJ



Arriba, a concelleira Chus Campos, o deseñador Alfonso Blanco e o alcalde Anxo Arca. Á dereita, As Fillas de Casandra. // C. PADRÓN

A actuación do vindeiro domingo día 31, ás 22.30 horas, no paseo do Espolón, promete ser un punto culminante das Festas de Pascua, ofrecendo ao público unha experiencia inesquecible.

Xunto a elas, o programa deste 2024 inclúe unha variedade de citas que celebran a diversidade musical e cultural. Desde actuacións de artistas emerxentes ata a presenza de grupos máis coñecidos, a oferta do Concello de Padrón reafirma o compromiso do municipio coa equidade, co intercambio cultural e co empoderamento das mulleres en todos os



ámbitos. Os incombustibles Celtas Cortos, orquestras como Los Satélites, Olympus ou París de Noia, os concertos das bandas de música e dos grupos folclóricos locais, os pasarrúas e a presenza de diferentes DJ da man de Open Air conforman un escaparate que de seguro convencerán aos milleiros de persoas que se achegarán ata Padrón nestes días de Pascua.

As Festas de Pascua contarán cun punto lila para concienciar sobre a igualdade de xénero e contribuir a desfrutar dunha celebración libre de violencia sexista. Neste senso, o punto lila estará situado en pleno paseo do Espolón sábado 30 e domingo 31 de marzo, luns 1 de abril, venres 5 e sábado 6 de abril de 22.00 a 04.00 horas da madrugada.



Descubre Outes, na ría de Muros Noia, a ría que aínda é tal como eran as rías galegas

En Outes, a só 25 minutos de Santiago, podes desfrutar de paseos á beira do río e do mar, praias fermosas, un espazo musealizado único de carpintería de ribeira, restaurantes e aloxamentos de altísima calidade, miradores con vistas á ría, actividades náuticas e de turismo activo na natureza e toda a paz e tranquilidade que precisas para desconectar e desfrutar do pracer de vivir.

Toda a información: turismo.outes.gal



ESPECIAL SEMANA SANTA



Procesión na Semana Santa de Ferrol 2023 // E.P.

Ferrol: a mellor oferta turística para esta semana

Ademais das procesións, a cidade departamental ofrece numerosas actividades » Rutas e gastronomía, entre as opcións

B. C. [SANTIAGO]

Ferrol ofrece unha ampla gama de opcións para os residentes locais e turistas que desexen explorar a cidade durante a Semana Santa recollidos nun folleto informativo.

“Esforzámonos por reunir unha ampla oferta de actividades de lecer, que van desde visitas guiadas ao Arsenal, Navantía, o cuartel de Dolores e o Castelo de San Felipe, ata paradas obrigadas en praias e miradoiros, así como degustacións da nosa gastronomía”, explica a concelleira de Turismo Maica García.

Os turistas tamén terán a oportunidade de descubrir o “Ferrol secreto” a través dunha visita aos centros históricos da Madalena e Ferrol Vello que desentraña os segredos da súa historia, arquitectura ilustrada e modernista.

Para participar nas visitas guiadas, é necesario inscribirse previamente a través do sitio web <https://ferrolguias.com> ou ben enviando un correo electrónico a info@ferrolguias.com. A tarifa é de 12 euros por persoa, con entrada gratuíta para menores de 10.

Ofrécense a maiores outras opcións para explorar o litoral de Fe-

rol, parte da Costa Ártabra, a través de tres roteiros diferentes con California Tour Beach, con prezos que oscilan entre 35 e 50 euros.

A oferta complementábase con exposicións na Fundación Exponav e os museos Naval e da SGHN, así como con exhibicións de artistas locais no Centro Cultural Torrente Ballester e a oficina de turismo da Praza de España. O folleto tamén destaca a galería de arte Serán e as exposicións ‘Expo 24 Terra’ e ‘Vira-Vidas’ no Ateneo, xunto coa exposición de fotografía ‘A vida lenta’ en Afundación.

No eido musical, destaca o III Ciclo de música Sacra na concatedral de San Xiao e o V concerto sacro “As Sete Palabras de Cristo” na igrexa de San Francisco.

Como novidade, este ano realizarase unha alfombra floral na Praza de Armas, onde a Semana Santa e as cinco confrarías serán as protagonistas, a cargo do grupo Cidae-Galicia.

Ademais, do 27 ao 31 de marzo, no peirao de Curuxeiras, celebrárase a festa do marisco, organizada por APFSC e a Confradía de Pescadores, para dar a coñecer os produtos da ría con esta celebración gastronómica.

Para facilitar os desprazamentos durante as procesións e as visitas turísticas, o Concello de Ferrol proporcionará servizos de autobuses lanzadeira e city-tren de forma gratuíta.

Semana Santa Porto do Son



Del 22 al 31 de marzo de 2024

¡Vívela!

Concello Porto do Son



Confradía de la Pasión de Nuestro Señor

infinitamente natural



Deputación DA CORUÑA

ESPECIAL SEMANA SANTA

Porto do Son procesiona su devoción

El Domingo de Ramos marca el inicio de la Semana » La Iglesia recuerda el sacrificio de Cristo

B. C. [SANTIAGO]

Porto do Son comienza a vivir intensamente la Semana Santa, una de las festividades más importantes del calendario religioso. A lo largo de los días que preceden al Domingo de Resurrección, sus calles se llenan de devoción y conmemoración de los eventos que marcaron la Pasión, Muerte y Resurrección de Jesucristo.

El Domingo de Ramos marca el inicio de la Semana Santa con la entrada triunfal de Jesús en Jerusalén, recibido con palmas y aclamaciones por el pueblo. En una ceremonia llena de simbolismo, se bendicen las palmas y ramas de olivo, señalando el comienzo de una semana de profunda espiritualidad y renovación de la fe.

El Lunes Santo conmemora la unción de Jesús en la casa de Lázaro, mientras que el Martes Santo se centra en el anuncio de su muerte. Ambos días son momentos de reflexión sobre los eventos que llevaron a la crucifixión de Cristo, marcados por procesiones y actos litúrgicos que invitan a los fieles a meditar sobre el sacrificio redentor.

Una de las prácticas más emblemáticas de la Semana Santa es el Vía Crucis, donde los fieles recorren las estaciones que representan el camino de Jesús hacia la crucifixión. Esta devoción, que se remonta a los primeros siglos del cristianismo, es una oportunidad para reflexionar sobre el sufrimiento de Cristo y su significado para la salvación de la humanidad.

El Jueves Santo, la Iglesia celebra la Última Cena de Jesús con sus apóstoles, instituyendo la Eucaristía y el Orden Sacerdotal. La liturgia de este día, que incluye el lavatorio de los pies y la adoración del Santísimo Sacramento, invita a los fieles a seguir el ejemplo de humildad y servicio de Jesucristo.

El Viernes Santo, día de luto y recogimiento, se conmemora la Pasión y Muerte de Jesús en la Cruz. La Iglesia Católica celebra la liturgia de la Palabra, la adoración de la Cruz y la sagrada Comunión, recordando el sacrificio supremo de Cristo por la redención de la humanidad.

El Sábado Santo, la Iglesia se prepara para la celebración de la Vigilia Pascual, la liturgia más importante del año litúrgico. Durante esta solemnidad, se proclama la victoria de Cristo sobre el pecado y la muerte, renovando la esperanza y la alegría de la Resurrección.

Finalmente, el Domingo de Resurrección, Porto do Son se une en júbilo para celebrar la victoria de Jesucristo sobre la muerte. La procesión de Jesús Glorioso y el Encuentro de Resurrección son momentos de alegría y regocijo, donde la comunidad cristiana se une para proclamar la Resurrección de Cristo y su triunfo sobre el mal y la oscuridad.




Procesión del Domingo de Resurrección 2023 // C. Porto do Son

REDEscubre Teo



PRIMAVERA 2024

Sentir Teo nos camiños



SÁBADO 13 ABRIL

Faladoiro de Primavera: Camiños xacobeos, vías culturais e rutas históricas teenses

4 SESIÓN NOS DOMINGOS DE ABRIL

Andaina teatralizada na Ruta da Batalla de Cacheiras

SÁBADO 13 ABRIL

Obradoiro creativo sobre a Batalla de Cacheiras

MÉRCORES 1 MAIO

ARTEterapia sobre a temática Os Maios

DOMINGO 5 MAIO

Baño de natureza con dinámicas de baños de bosque na Fraga de Sestelo

2 FINES DE SEMANA DE MAIO

Ruta teatralizada "Per Caminho de Lampai"

SÁBADO 1 XUÑO

Baño de natureza con dinámicas de baños de bosque

DOMINGO 9 XUÑO

Visita Interpretativa do **románico teense**

DOMINGO 23 XUÑO

Baño de natureza con paseo herbal para recollida de herbas de San Xoán

Máis Información e inscricións en:

teo.gal/actividades

698 18 68 91

turismo@teo.gal



CONCELLO DE TEO

ESPECIAL SEMANA SANTA

Visitas guiadas polo patrimonio de Vimianzo na Semana Santa

No Castelo estará dispoñible a mostra de Artesanía en Vivo e a exposición 'Vimianzo no tempo, do castrexo ao medievo'

B. C. [SANTIAGO]

Con motivo da celebración da Semana Santa, o Concello de Vimianzo pon a andar unha programación cultural con actividades enfocadas a coñecer o rico patrimonio do municipio. Ata o domingo 31, residentes e visitantes terán a oportunidade de mergullarse de cheo neste concello.

Un dos eventos máis esperados son as visitas teatralizadas ao maxestoso Castelo de Vimianzo, programadas para o xoves 28, venres 29, sábado 30 e domingo 31 de marzo. Estas visitas, que se levarán

a cabo en diferentes horarios, ofrecen unha experiencia única explorando os recunchos deste emblemático castelo que ata o 31 de marzo alberga a tradicional Mostra de Artesanía en Vivo e a exposición 'Vimianzo no tempo, desde o castrexo ata o medievo'.

Haberá outras visitas guiadas a varios puntos de interese. Ademais do Castelo de Vimianzo, os Batáns e Muíños do Mosquetín, o Castro das Barreiras e o porto de Cereixo serán outras zonas a explorar. Estas visitas permitirán ás persoas asistentes descubrir a riqueza cultural e arquitectónica de



O Castro das Barreiras, considerado polos expertos unha joya xoia do noroeste peninsular // Faro

Vimianzo, guiadas por expertos en cada área.

Destacando a súa importancia histórica, o arqueólogo Tito Concheiro ofrecerá unha visita guiada ao Castro das Barreiras o venres 29 de marzo, compartindo detalles sobre o pasado de Vimianzo, desde o castro ata o castelo.

**HABERÁ VISITAS
TEATRALIZADAS AO
CASTELO E GUIADAS
AOS BATÁNS, MUÍÑOS,
O CASTRO E CEREIXO**

Para involucrar os máis novos, o concello prepara unha actividade especial o 1 de abril, na que a cativada de entre 7 e 14 anos poderán explorar o municipio dunha maneira orixinal e divertida.

Todas estas actividades son gratuítas, pero requiren de inscrición previa.

**FEIRAS
DO ABRIL
VAL DO DUBRA
30, 31 MARZO e 1 ABRIL 2024**

SÁBADO 30 MARZO

APARCADOIRO SAN LOURENZO

*Horario stands: de 11 a 20 h

*Polbeira e obradoiros

12 h // Inauguración das Feiras e actuación de Rejueifa

Desde as 12 h // Xogos tradicionais e exposición de maquinaria agrícola

18.30 h // Monólogo

Pepo Suevos

23 h // Orquestra Metrópolis e Disco Móbil CDC

DOMINGO 31 MARZO

APARCADOIRO SAN LOURENZO

*Horario stands: de 11 a 19 h

*Polbeira e obradoiros

11 h // Exposición de gando, exposición de maquinaria agrícola e xogos tradicionais

13 h // Vermú con Alborada

LUNS 1 ABRIL

CAMPO DA FEIRA

Festa da empanada

Mercado de primeiro de mes

Dúo Matices

Polbeira



ESPECIAL SEMANA SANTA

Outes, idilio de mar e montaña

REDACCIÓN [OUTES]

En Outes, un entorno circundado polo mar e a montaña, ten a pegada do traballo de labradores e mariñeiros ao longo de séculos. Destacan as praias de Broña, Arnela e Siavo, e infraestruturas como A Ponte Nafonso, sobre o río Tambre, cos seus 20 arcos e 270 metros de longo, a ponte antiga máis imponente da contorna. O perfil oxival de varios dos seus arcos confirman a súa orixe medieval. Tamén son de resaltar pola súa extraordinaria beleza, a Ponte da Serra, sobre o río Tins, e a Ponte do Ruso, no lugar dos Muños.

Há centos de posibilidades de ocio. Dende un paseo en kayak no Río Tambre a un descenso polos canóns. Outra opción interesante é visitar resquicios dos oficios do pasado, como a construción de barcos.

Na actualidade, os únicos estaleiros que se conservan están localizados no porto do do Freixo. O Espazo Museístico da Carpintería de Ribeira Estaleiro de Ciprián xurde a partires da rehabilitación integral dun antigo estaleiro abandonado situado na ensenada de Broña, co obxectivo de reconvertirlo nun museo sen perder a esenza da súa actividade: a construción de barcos.

A gastronomía merece capítulo aparte, con preeminencia na mesa de carnes á pedra ou á brasa; ou os mariscos, como o berberecho, ameixa, ostras, mexilón, navalla



Ponte Nafonso, en Outes. // ECG

ou crustáceos, coma a nécora, centolo, boi bogavante, cigala e os peixes das rías. Non falta o pulpo á parrilla, á feira ou calamares, empanadas de trigo ou de millo, cocido galego, filloas da pedra ou sartaña. Outro dos seus atractivos culturais son as feiras, que beben da antiga Feira da Serra. En Outes, a feira e o feirón desapareceron como tal, pero actualmente existe unha feira o primeiro e o segundo sábado de cada mes en Cunchido e na rúa da Vila, respectivamente.

Dodro, un patrimonio por descubrir

No municipio hai pazos, petroglifos, igrexas, castros e mámoas

REDACCIÓN [DODRO]

O pequeno municipio de Dodro agocha secretos por descubrir nas súas parroquias. Como exemplo, as súas igrexas, repartidas polo territorio: Santa María de Dodro, San Xián de Laiño ou San Xoán de de Laiño, así como as ermidas do Leite ou de San Amaro.

Tampouco faltan os petroglifos, como o de Bouza Adadín, as mámoas de Paradegua, en Bexo, ou o que queda dos castros, como o de Castro en Imo, Bexo, Lestrove, Monte Xián, ou Traxeito. Tamén poden visitarse os petroglifos de Pedra Redonda, Lomba das Pozas, A Carga, A Cabana, Padronelo e Outeiro dos Corvos. Entre os pazos do municipio están o de Lestrove, reconvertido para usos hostaleiros, o pazo de Tarrío ou o pazo de Ermida.

Outro dos atractivos da localidade é o Cruceiro de Avelán ou Bustelo, os seus hórreos, con especial importancia do conxunto de sete hórreos da Lavandeira, en Imo, e mesmo varios reloxos solares.



Igrexa en Dodro. // ECG

Existen tamén unha chea de rutas de sendeirismo para coñecer a fondo a localidade, como a Ruta de Lestrove, a ruta de Alto da Paxareira ou a Ruta de la Cruz de Avelán. En total, un conxunto diverso de atractivos turísticos, fundamentalmente arraigados á natureza, que ofrecen un amplo abano de intereses para todos os visitantes que queiran pasar uns días en Dodro.

Parcela preciosa de la Ribeira Sacra



CONCELLO DE
PANTÓN

www.concellodepanton.es

xeal



COMPROMISO

CON

A COSTA DA MORTE

ESPECIAL SEMANA SANTA

Pantón, un paraíso natural ao alcance da man

O municipio, enmarcado entre tres ríos, brinda un amplo abano de actividades relacionadas coa natureza, como a pesca ou o sendeirismo

REDACCIÓN [PANTÓN]

Os límites do municipio de Pantón márcanos tres ríos: o Cabe, o Sil e o Miño, en cuxas ribeiras agroma unha riqueza paisaxística inigualable, que brinda ao visitante unha ampla variedade de actividades para facer relacionadas coa natureza. Unhas paisaxes naturais de gran variedade e atractivo, con boas condicións para practicar a pesca e o sendeirismo. Polos ríos Miño e Sil pódense realizar percorridos en ca-

tamarán, que permiten a contemplación das paisaxes da Ribeira Sacra, cos seus característicos viñedos dispostos en terrazas tamén chamados socialcos.

Algunas das rutas que se poden emprender polo municipio son a Ruta Castro de Marce - Cascada Augacaída. Como complemento, pódese visitar o lugar de Marce, onde se atopan restos dunha torre que pertenceu ao conde de Lemos e a torre do reloxo, unha edificación levantada polos emigrantes desta aldea a

Distintas panorámicas das paisaxes de Pantón. // ECG

Suramérica no século pasado.

Tamén está a Ruta da Curuxeira, que permite visitar manifestacións patrimoniais como a Igrexa Románica de San Fiz de Cangas ou a Fonte de Augas Férreas. Outra opción é a Ruta de Cibrisqueiros a San Cosmede (Pombeiro), que permite coñecer lugares como as casetas de Pedén ou as Tumbas do Preguntoiro, dúas tumbas e restos doutras de carácter antropomorfo, así como unha pequena pía, todas elas escavadas na roca.

Outro percorrido recomendable para coñecer Ruta A Cruz - Pena Pombeira. Este roteiro percorre terras das parroquias de Frontón e Pombeiro, nas ribeiras dos ríos Sil e Cabe. E así, ata un sinfín de percorridos posibles que combinan distintos trazados e distancias e nas que o visitante poderá achegarse ao maravilloso patrimonio agochado de Pantón, que conta con manifestacións arquitectónicas singulares por todo o seu territorio.

O único mosteiro medieval onde perdura a vida relixiosa activa é o do



Divino Salvador de Ferreira de Pantón, onde hai unha igrexa románica do século XII, un claustro renacentista do século XVI e dependencias barrocas do século

XVIII. Outros templos relixiosos son as igrexas de San Miguel de Eiré, Santo Estevo de Atán, San Vicente de Pombeiro ou a xa mentada San Fiz de Cangas.



Forniños
 ESPECIALIDAD en empanada gallega
 DESDE 1933
 PAN ARTESANAL DE TODO CORAZÓN
 Avda. Anllóns • 15110 • Ponteceso • A Coruña • T. 981 714 038

Playa de Laxe Hotel
 www.playadelaxe.com

AUTOCARES Ferrin-Costa, s.l.

 Lg. de Caxadas, nº 21
 VIMIANZO (A Coruña)
 T. 609 892 952 - 616 664 942

EMACEL
 ASESORÍA • FISCAL
 LABORAL • CONTABLE
 SANTIAGO DE COMPOSTELA
 Polígono Industrial del Tambre • T. 981 552 500
 CEE (A Coruña)
 Rellena de la Seca, s/n (Edificio Río) • T. 981 706 030
 CAMARIÑAS (A Coruña)
 Rúa da Constitución, 10-1º Dcha. • T. 981 705 406

CONSTRUCCIONES
Mariano Louro Lago, S.L.
 C/ Veirada, 292 • Porto Cubelo
 LIRA - CARNOTA (A Coruña)
 T./F. 981 761 365 • M. 670 616 558
 marianolouro@yahoo.es
 www.construccionesmarianolouro.com

REGISTRACIÓN

Mostra de Artesanía en Vivo
 Castelo de Vimianzo: 22-31 marzo de 10 a 14 e de 16 a 20:30

Exposición: VIMIANZO NO TEMPO, DO CASTREXO AO MEDIEVO
 Castelo de Vimianzo: 22 marzo-31 maio

Visitas centralizadas
 28 marzo ás 12:30 e 17:00h
 29 marzo ás 17:00h
 30 marzo ás 12:30 e 17:00h
 31 marzo ás 12:30h

Visitas guiadas
CASTELO DE VIMIANZO
 23 - 28 marzo ás 10:30 e ás 18:30h
 29 marzo 18:30h
 30-31 marzo ás 10:30, 16:00, 18:30 e 19:30h

BATÁNS E MUÍÑOS DO MOSQUETÍN
 23-28 marzo ás 12:00 e 13:00h
CASTRO DAS BARREIRAS
 23-28 marzo ás 16:00h
PORTO DE CEREIXO
 23-28 marzo ás 18:30h

VIMIANZO NO TEMPO, DO CASTRO AO CASTELO
 visita guiada polo arqueólogo **Tito Concheiro** ao Castro das Barreiras
 29 marzo ás 11h

Vimianzo Semana Santa 24
 DO 22 AO 31 DE MARZO

Deputación DA CORUÑA, Museo, EDAPE, etc.

ESPECIAL SEMANA SANTA



O deputado Antonio Leira, o alcalde Diego Díaz, a edil Carmen Vilacoba e tenente alcalde Antonio Negreira. // ECG

REDACCIÓN [VAL DO DUBRA]

Val do Dubra prepárase para unha das citas máis agardadas polos veciños e veciñas: as Feiras do Abril. Así, os días 30 e 31 de marzo e o 1 de abril o municipio renderase á troula, con tres xornadas de actividades que se desenvolverán por vez primeira no centro do núcleo de Bembibre, nos aparcadoiros da rúa San Lorenzo, onde se instalará unha carpa que albergará o Mercado de Artesanía organizado polo Concello de Val do Dubra en colabo-

ración coa Deputación da Coruña. Será punto de encontro para os artesáns e artesás locais e outros e outras que se acheguen dende diferentes localidades. Así, co cambio de localización, consensuada cos veciños e coa hostalería e comercio local, vivirán de primeira man o ir e vir dos visitantes.

A cita contará cunha exposición de maquinaria agrícola (sábado e domingo) e unha exhibición de gando (domingo a partir das 10.30 horas) na que participarán gandeiros e gandeiras do mu-

nicipio e na que se porá en valor unha das especies protagonistas da zona: a vaca cachena. Nesta ocasión tamén participarán na exposición cabalos procedentes da Fundación Monte do Gozo – Proxecto Home das Cernadas (Val do Dubra).

A inauguración será o sábado 30 ás 12 do mediodía coa actuación de Regueifa, asociación dubresa de música tradicional. Chegada a hora do xantar, coma en toda feira apreciable non pode faltar a polbeira. Entrados na tarde, o toque de humor poñerá Pepo Sue-

vos, quen ofrecerá un monólogo ás 18.30 h. Á noite, a verbena virá da man da Discomóvil CDC e da Orquestra Metrópolis. O Concello participará activamente na promoción da localidade como destino turístico a través de seis rutas, e outros atractivos do municipio e o seu entorno.

Artesáns locais farán exhibición das súas destrezas no marco da feira: haberá cestería, mel, e ata *amigurumi* propio do Val do Dubra (pequenos bonecos de ganchillo). O artesán dubrés Salvador Castiñeiras participará coas súas coñecidas figuras de ferro.

O cambio de ubicación, re-

marcan dende a corporación, busca dálle un pulo ao comercio e hostelería local, que é onde se ubica o movemento económico do sector comercial. A nova localización contou co respaldo e a consulta dos veciños da zona. Tamén se aproveitará a festividade para facer unha campaña do uso de galego no comercio local, a través o servizo de normalización lingüística do concello dubrés. “En definitiva é unha feira para tódolos públicos, unha feira interxeneracional pensada e deseñada para o disfrute desde os máis pequenos ata os máis maiores”, remarca Diego Díaz.

PASCUA De Padrón

Homenaxe a Ramón Casasnovas

**30
MAR**

DJ > **ESPIÑO**
Pregón > **ABEL CABALLERO**
Gran verbena > **LA MISIÓN**
Gran verbena > **UNIÓN Y FUERZA**

**31
MAR**

Gran verbena > **MIRAMAR**
Concerto > **FILLAS DE CASSANDRA**
Gran verbena > **CAPITOL**

**01
ABR**

Actuación > **DÚO MASTER**
Gran verbena > **AMÉRICA**
Gran verbena > **PARÍS DE NOIA**

**02
ABR**

Gran verbena > **LOS SATÉLITES**

**05
ABR**

Gran verbena > **LOS PLAYER'S**
Gran verbena > **NEW YORK**
DJ Open Air > **ANXO SILVA / LOW**

**06
ABR**

Concerto > **CELTAS CORTOS**
Gran verbena > **OLYMPUS**
DJ Open Air > **PEDRO VR / CÉSAR SÁNCHEZ**

**07
ABR**

Gran verbena > **ATENAS**
Gran verbena > **MARBELLA**

**DO 23
MARZO
AO 07
ABRIL 2024**

